

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2009.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Alvarez

D^a Ana Maria Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece trinta horas do día dezasete de setembro de 2009, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde

declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior 18 de agosto de 2009.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE ALUMINA ESPAÑOLA, S.A RELATIVO A INSTALACIÓN DUN CENTRO DE SECCIONAMENTO, LMT AEREA DE 20KV E CENTRO DE TRANSFORMACIÓN PREFABRICADO DE 400KV NO DEPÓSITO DE BARROS ROJOS – LAGO.

Vista solicitude formulada por Alumina Española, S.A con C.I.F nº: A-36006278 e con domicilio en San Ciprian - Cervo, para realización de obras de instalación dun centro de seccionamento, LMT aérea de 20 kv e centro de transformación prefabricado de 400kv no depósito de barros rojos no Alto de Lago – Xove. Expediente nº: 2642/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, as obras que se pretenden sitúanse dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable Común de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove (Art. 104 das Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal). Solo Rústico de Protección Ordinaria.- Artigo 32.1 de acordo coa Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Polas características e finalidade das obras que se pretenden, e ao amparo do artigo 44.2 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó PXOM, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño , polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As condicións que se pretenden, no que a súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que as condicións da edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2 desta Lei.
- Edificación inferior a 25m/2
- Altura máxima da edificación.....3,50metros
- Fachadas exteriores pintadas.
- Cuberta de lousa
- Carpintería exterior de aluminio ou madeira.
- Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela haberán de garantir a condición de illamento en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- Asemade deberase dispoñer de vial de acceso á parcela en que se pretende encravar a edificación.
- Respetarase no deseño da edificación a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no artigo 42 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- uso da edificación adaptarse exclusivamente ao solicitado.
- Durante a execución dos traballos tomaranse por parte da contrata as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras como do vial.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente Acta de Reformulo, coas distancias correspondente o vial de acceso e os retranqueos a lindeiros.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita sen prexuízo de terceiros.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 109.519,79€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2.190,40€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32

de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE PROMOCION RESIDENCIAL DA MARIÑA, S.L, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN C/ TOMAS MARIÑO PARDO – C/ NOVA APERTURA – C/ CAMIÑO REAL (XOVE).

Vista solicitude formulada por Promoción Residencial da Mariña, S.L con C.I.F nº: B-27342310, con domicilio en Avda. Cantarrana, 8 bis baixo (27850 Viveiro) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación para edificio composto de semisotano, planta baixa, tres plantas e ático para 51 vivendas (Portais 1 e 2) sito en C/ Tomas Mariño Pardo – C/ Camiño Real e C/ Nova Apertura (Xove). Expediente Licenza 1ª Oc: 2942/09.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“ Obra prevista no Proxecto Básico: Edificio para 55 vivendas, locais sen uso asignado, garaxes e trasteiros.

Obra prevista no Proxecto de Execución: Edificio para 55 vivendas, locais sen uso asignado, garaxes e trasteiros.

Cambio de nº de vivendas: na Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2009, adoptouse entre outros o acordo relativo ao cambio de número de vivendas desta promoción, pasando das 55 iniciais previstas a 51 vivendas.

Obra executada: 51 vivendas con garaxes e trasteiros totalmente executadas e en condicións de habitabilidade, sen variación de volume e superficies con respecto a licenza outorgada.

Informe: Unha vez realizada a inspección e de acordo cos proxectos de estado definitivo aportados firmados polo Arquitecto Director, D. Jesús Fernández López, as obras encóntranse realizadas de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O Volume e condicións da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de Aplicación.- Solo Urbano. Artigo 92 .- Ordenanza 2ª Extensión do casco urbano.

Parámetros urbanísticos aplicables:

Fachada mínima.....8,00metros

Altura do edificio.....B+3+ Ático

Altura de cornixa13,60m.

Fondo edificable vivendas.....14,00m.

Achégase a documentación pertinente:

1º.- Acta de reformulo

2º.- Certificado final de obra subscrita polos seus técnicos directores.

3º.- Solicitude de alta no Catastro.

4º.- Planos de estado definitivo das obras coa súa adecuación a Normativa, asinada polo Técnico Director da Obra.

5º.- Fotografías do inmovible.

51 Vivendas, totalmente executadas, rematadas interiormente, e revestidas exteriormente, na súa fachada principal, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación.”

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de Primeira Ocupación de edificio composto de semisotano, planta baixa, tres plantas altas e ático para 51 vivendas (Portais 1 e 2) sito en C/ Tomas Mariño Pardo – C/ Nova Apertura e C/ Camiño Real (Xove), na que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 10.125,63€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.3) SOLICITUDE DE ALUMINIO ESPAÑOL, S.A, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN NAVE DE ALUMINIO ESPAÑOL EN XOVE.

Vista solicitude formulada por Aluminio Español, S.A con C.I.F nº: A-36006260, con domicilio en Xove na que pide a expedición de certificación de Licenza de Primeira Ocupación para renovación de cuberta e cerramentos de nave da Planta de Aluminio Español, sito en Xove. Expediente nº: 2525/09

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

“ Obra prevista no Proxecto: Renovación de cuberta e cerramentos de nave da Planta de Aluminio Español. Naves: series electrólises, nave brasaxe e desbrasaxe, centro de captación, sala de compresores, nave reparación de pontes, corredores series electrólises, cintas Tr-10 e Tr-11.

Obra prevista no Proxecto de Execución: Renovación de cuberta e cerramentos de nave da Planta de Aluminio Español. Naves: series electrólises, nave brasaxe e desbrasaxe, centros de captación, sala de compresores, nave reparación de pontes, corredores series electrólises, cintas Tr-10 e Tr-11.

Obra executada: Renovación de cuberta e cerramentos de nave da Planta de Aluminio Español. Naves: series electrólises, naves brasaxe e desbrasaxe, centros de captación, sala de compresores, nave reparación de pontes, corredores series electrólises, cintas Tr-10 e Tr-11.

Informe:

Unha vez realizada a inspección e de acordo cos proxectos de estado definitivo achegados asinados polo Enxeñeiro Técnico Naval, Directos das obras D. Antonio Alvarez Lourido, colexiado nº 1421, ás obras encóntranse realizadas de acordo ás prescricións técnicas pertinentes. O volume e condicións da obra executada é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente Licenza Municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.

Achégase a documentación pertinente:

- 1º.- Acta de recepción de edificio rematado.
- 2º.- Certificado final de obra subscrita polo seu técnico director
- 3º.- Solicitude de alta no Catastro.
- 4º.- Planos de estado definitivo das obras coa súa adecuación a Normativa, asinada polo técnico director da obra.
- 5º.- Fotografías do inmovible.

Obras totalmente executadas, en condicións de poder se outorgar a correspondente Licenza de Primeira Ocupación”.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación de renovación de cuberta e cerramentos de nave de a Planta de Aluminio Español. Naves: series de electrolisis, nave brasaxe e desbrasaxe, centros de captación, sala de compresores, nave reparación de pontes, corredores series electrólises, cintas Tr-10 e Tr-11 sito en Xove, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 21.244,37€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.4) SOLICITUDE DE HELMANCASA, S.L RELATIVO A CANALIZACIONES ELÉCTRICAS PARA SUBMINISTRO NA URB. PALMEIRO- RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por Helmancasa, S.L con C.I.F nº: B-84469345 con domicilio en C/ Camino Huertas de la Vega, 36-40, bajo 1 (37008 Salamanca), para realización de obras de canalizacións eléctricas para subministro na Urb. Palmeiro – Rigueira. Expediente nº: 2819/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se aporta, o trazado previsto e que se lle vai subministrar dita enerxía, encóntrase ubicado dentro do Solo Urbano da Urbanización Palmeiro, de acordo coa vixente Normativa Municipal do Concello de Xove. Artigo 98 das Normas Subsidiarias. Ordenanza 7ª. Solo Urbano Residencial.

O proxecto presentado esta asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Juan Carlos Vázquez Gómez.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A área municipal afectada por estes traballos executaranse no que a obra civil se refire de acordo coas obrigadas prescricións dos servizos técnicos municipais.
- Unha vez executadas os traballos previstos, na súa totalidade, a área municipal afectada, quedará en perfecto estado de conservación e uso.
- De acordo co exposto anteriormente, informase favorablemente a separata do proxecto que se aporta.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 22.930,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 458,62€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5) SOLICITUDE DE D. HIGINIO GUTIERREZ PALACIOS RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN ALDEA DE ABAIXO - MORAS.

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. Higinio Gutierrez Palacios, con DNI: nº: 11.056.282-K, con domicilio en La Crucina, 15 (33610 Turón – Mieres) de *prórroga da licenza de obra para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en Aldea de Abaixo, 3 – Moras. Expediente nº: 2861/09.*

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

O solicitante obtivo a pertinente licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto redactado pola Arquitecto D^a. María Belén Rivas Baltar, en Xunta de Goberno Local deste Concello o día 14 de setembro do ano 2006. Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se pretende situar a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prorroga para a finalización das obras que se están executando, ao amparo do artigo 197.2 da LOUPMRG da Lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente o PXOM e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NNSS como no PXOM aprobado inicialmente, toda vez que as obras que se pretenden executar, sitúanse en ámbolos dous casos dentro de Solo do Núcleo urbano de Xove, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Esta prorroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en Aldea de Abaixo, 3 – Moras, pertencente a D. Higinio Gutierrez Palacios
- 2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

B.6) SOLICITUDE DE D^a. BELEN LAZARO SEARA, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN CERANZOS - XUANCES

Vista solicitude formulada por D^a. Belén Lázaro Seara con D.N.I. nº:33.303.543 -A, con domicilio en C/ Benito Galcerán, 22 -24 5ºG (27850 Viveiro) na que pide a expedición de certificación de Licenza de Primeira Ocupación para vivenda unifamiliar sita en Ceranzos – Xuances. (Polígono 15 Parcela 223). Expediente Licenza Obra:1019/07.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal Licenza de Primeira Ocupación se solicita o seguinte:

“ Obra prevista no Proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar composta de unha soa planta.

Obra Executada: Vivenda unifamiliar composta de unha planta baixa, sen variación das condicións da obra prevista no proxecto e licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Informe: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo do Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co Proxecto Básico presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal. A edificación atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove.

Ordenanza de aplicación .- Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.

De acordo coa documentación que se aporta subscrita polo técnicos responsables da mesma, a obra executada, adáptase a Normativa.

Vivenda totalmente executada, rematada interiormente e pintada exteriormente.

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga”.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A concesión de Licenza de Primeira Ocupación, de vivenda sita en Ceranzos - Xuances, que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.
- 2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.
- 3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 244,81€.
- 4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo

pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.7) SOLICITUDE DE D. MANUEL PERNAS MARTINEZ RELATIVO A ARRANXO DE CUBERTA DA VIVENDA SITA EN VILAR, 16 – LAGO.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Pernas Martínez con D.N.I nº: 76.545.994 -Q con domicilio en Vilar, 16 (27878 Lago), para realización de obras de arranxo de cuberta da vivenda unifamiliar sita en Vilar, 16 – Lago. Expediente nº: 2988/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrito polo interesado, sitúase dentro da zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103 .- Capítulo III.- Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Vilar – Xove. Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó PXOM, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no artigo.77 da Lei 9/2002 de 30 de decembro e no art. 120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende arranxar a cuberta pódese conceder a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende cubrir, de acordo coa solicitude que se achega, adaptarse á tipoloxía do ámbito.
- As obras que se pretenden, pola súa condición de obras de reparación, non supoñerán aumento de volume nin afectará a elementos estruturais da edificación.
- Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia no relativo ás condicións da edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanta da execución das obras como do vial debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro da responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación e a súa adaptación a Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo

pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 7.000,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 140,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.8) SOLICITUDE DE CORYMA, S.A RELATIVO A MOVEMENTO DE TERRAS PARA POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DE NAVE NA PARCELA 51 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CAMBA – XUANCES.

Vista solicitude formulada por Coryma, S.A con CIF nº: A-27040096 e con domicilio no Polígono Industrial de Camba, Parcela 49 -50 (27877 Xuances), para realización de movemento de terras duns 200m³ para posterior construción dunha nave no Polígono Industrial de Camba – Parcela 51 – Xuances.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación achegada polo solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro de área delimitada como Solo Urbano Industrial do Polígono de Xove, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove, e adscrita á vixente Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Protección do Medio Rural de Galicia.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Durante a realización dos traballos, deberá estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As obras disporán do correspondente seguro de responsabilidade civil.
- O ámbito da zona de traballo e acceso a este dende vias municipais deberá estar perfectamente limpo.
- A saída de camiós a vias públicos deberá estar perfectamente sinalizado, así como perfectamente limpa esa área de circulación, tanto durante a execución dos traballos como ao finalizalos.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 2.400,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 48,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 3 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e

Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.9) SOLICITUDE DE D. MANUEL DOVALE FERNANDEZ RELATIVO A CAMBIO DE VENTÁS NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA EN C/ XOVE, 2 – XOVE.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Dovale Fernández con D.N.I nº: 33.788.828 - B con domicilio en C/ Xove, 2 (27870 Xove), para realización de obras de cambio de ventás na vivenda unifamiliar sita en C/ Xove, 2 – Xove. Expediente nº: 3119/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras de cambio de ventás que se pretende realizar, de acordo coa documentación que se achega, suscrita polo interesado, atópanse dentro do Núcleo Urbano de Xove. Artigo 91. – Ordenanza 1ª Núcleo Tradicional. Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Artigo 12.A da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado Cambio de ventás.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- De acordo co previsto no artigo 91.5 das Normas Subsidiarias de Xove, respectaranse as condicións estéticas e as obras de rehabilitación que se efectúen nas obras existentes responderán no seu deseño e composición as xa existentes.
- As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións obrigatorias, así como a disposición correspondente de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As instalacións auxiliares e a propia obra, disporá do correspondente Seguro de Responsabilidade civil.
- O ámbito da edificación, polo posible depósito de entullos deberá quedar perfectamente limpo.
- Deberase satisfacer as taxas correspondentes por ocupación da vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
- Habida conta, que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, terán consideración de obra menor e polo súa condición de obras de acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume da edificación existente.

- Respectarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de remozamento de cambio de fiestras, ao solicitado. Asemade, ditas obras non poderán afectar aos elementos estruturais do inmovible nin incidir negativamente nas condicións de habitabilidade do edificio, de acordo co vixente Regulamento.
 - Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade, tanto da execución das obras, como vial.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 2.205,20€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 44,10€.
- 4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.10) SOLICITUDE DE D^a. ANGELICA CAMPO BASANTA RELATIVO A RECUBRIR GARAXE EN BARXA, 11 – LAGO.

Vista solicitude formulada por D^a. Angélica Campo Basanta con D.N.I nº: 76.557.014-L con domicilio en Barxa, 11 (27878 Lago), para realización de obras de recubrir garaxe sito no circundo da vivenda en Barxa, 11 – Lago. Expediente nº: 2964/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita pola interesada, sitúase dentro do zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Barxa.-Vilar.-Xove.

Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende arranxar a cuberta, pódese conceder a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptárase á tipoloxía do ámbito.

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación.
 - Respectarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
 - A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
 - Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
 - Previo ao inicio das obras solicitácese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.
 - De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.
